

Escola Galega de Administración Pública

ACTOS CON MOTIVO DO
Día das Letras Galegas 2006

Santiago de Compostela
16 e 17 de maio 2006

XUNTA DE GALICIA

ACTOS CON MOTIVO DO DÍA DAS

MARTES, 16 de maio

Coloquio

12.00 h

Coloquio sobre a literatura galega no momento actual

Moderador:

CAMILO FRANCO IGLESIAS

Xornalista, escritor e crítico teatral

Participantes:

IRIA LÓPEZ TELJEIRO

Gañadora do I Premio de novela Biblos-Pazos de Galicia para menores de 25 anos e dedicada profesionalmente ao mundo audiovisual.

DIEGO AMEIXEIRAS NOVELLE

Xornalista e guionista de cine e televisión. Acaba de publicar a súa segunda novela.

PAULA CARBALLEIRA CABANA

Fai teatro, contacontos e é autora de varios libros de literatura infantil.

Lugar:

Escola Galega de Administración Pública
Rúa de Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela

Información:

Diario Oficial de Galicia núm. 83, do 2 de maio de 2006
EGAP: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións
Tel. 981.546.239
Fax 981.546.330

LETRAS GALEGAS 2006

MÉRCORES, 17 de maio

Xeira cultural

Guía:

FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ
Historiador e museólogo

Itinerario:

- Saída da Escola Galega de Administración Pública ás 9.00 h
- O Camiño Inglés a Santiago por terras de Ordes: Poulo, Bruma...
- Carral: muíños da Costa da Égoa, cemiterio de Pale, lembranza dos mártires de 1846
- Cambre: restos romanos, colexiata, Casa de Wenceslao Fernández Flórez...
- Betanzos: o núcleo histórico...
- Xantar en Betanzos
- Visita ao Pazo de Mariñán
- Visita ás “industrias da memoria”: Cerámicas do Castro, Museo do Castro de Samoedo-Sada
- Percorrido pola cidade vella da Coruña, visita á Fundación Luís Seoane e ao monumento a Curros
- Chegada sobre as 21.30 h

Nota:

Este itinerario poderá alterarse en función das incidencias que puidesen xurdir no transcurso da viaxe

1. Obxectivos

A Real Academia Galega dedicalle o Día das Letras Galegas de 2006 a Manuel Lugrís Freire. Por este motivo, a EGAP, como institución pública galega, súmase á homenaxe deste galego insigne organizando un coloquio sobre a literatura galega no momento actual así coma unha viaxe polos escenarios nos que se desenvolveu boa parte da vida de Manuel Lugrís Freire.

2. Destinatarios

No coloquio poderá participar o persoal das administracións públicas e calquera outra persoa interesada. Á viaxe cultural terá acceso só o persoal ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 40 prazas). ~~No caso de presentárense máis solicitudes que prazas, terá preferencia o persoal da Xunta de Galicia.~~

Para a selección da viaxe cultural terase en conta a data de entrada da solicitude no rexistro xeral da EGAP ou a data do fax, sempre de acordo coa preferencia sinalada no parágrafo anterior. Tamén se terá en conta a asistencia ao coloquio do día 16.

3. Inscripción

As solicitudes, segundo o modelo oficial publicado no *DOG* núm. 83, do 2 de maio de 2006, irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela, segundo o modelo que figura como anexo da convocatoria; e presentaranse no rexistro xeral da EGAP, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Admitiranse tamén inscricións por telefax: 981.546.330. As solicitudes deberán entrar no rexistro da EGAP antes das 10.00 h do día 15 de maio.

4. Publicación e notificación da selección

A confirmación da súa selección poderá obterse chamando por teléfono á EGAP, ao número 981.546.239, ou ben consultando a lista de seleccionados, que se exporá no taboleiro de anuncios deste centro e na súa páxina web.



